

# UTAMA

Alejandro Loayza Grisi, 2022

# 1023

ESTREA EN NUMAX: 31.10.2022 | V.O.S.E. | 87 min | +7

No altiplano boliviano, unha parella de anciáns quechuas vive a mesma rutina desde hai anos. Cando unha seca inusualmente longa ameaza toda a súa forma de vida, Virginio e Sisa afrontan o dilema de resistir ou ser derrotados polo paso do tempo. Coa chegada do seu neto Clever, os tres enfrontaranse, cada un ao seu xeito, ao entorno, á necesidade de cambio e ao sentido da vida mesma.

A sesión do luns 28 de outubro inclúese no ciclo Os ollos verdes e computa para a obtención de 1 crédito ECTS

«Semella un cruce entre un western minimalista de Sergio Leone e unha serie de fotografías de Sebastião Salgado»

Jordan Mintzer, THE HOLLYWOOD REPORTER

**Máis información  
e entradas en**



## Entrevista con Alejandro Loayza: «O silencio e as miradas poden dicir moito máis que as palabras»

Por Alfonso Rivera

**Que significa *Utama*?** “O noso fogar” en aimara; foneticamente é linda e aplicable a calquera idioma, fácil de lembrar, polo que non tivemos que buscar outro título, aínda que en Francia engadiron como subtítulo: “A terra esquecida”.

**Ti fuches fotógrafo antes que cineasta, ademais de rodar curtas e traballar nunha serie de televisión.** Empecei a miña carreira profesional afastado do cinema, facendo cousas para asegurar algo de diñeiro. Estudei publicidade e logo participei nun taller de foto: aí namorei da fotografía. Despois descubrín a cámara en movemento e gustoume aínda máis, así que comecei a traballar como director de fotografía de cinema. Cando me dei de conta das responsabilidades que podía ter un director, quixen iso para min: empecei a dirixir vídeo clips e esa foi a miña transición.

**O teu pasado como fotógrafo percíbese en *Utama*, con eses encadres tan estéticos.** Absolutamente, porque a imaxe dáseme moito mellor que as palabras: tiña tan claro como debía verse a película que fixen un completo *storyboard*. Cando a directora de fotografía Bárbara Álvarez entrou no proxecto e conversamos sobre a película, ela tiña o mesmo tipo de filme na súa cabeza, coa súa luz e encadres: foi moi fluído. E por iso estou a facer un máster en guión, porque se me dá moi fácil a imaxe, pero non tanto a palabra: a primeira versión do guión de *Utama* tiña 43 páxinas e estaba seguro de que con iso podía filmar, pero presionáronme para que o traballase ata as 75.

**É unha película que expresa moito coas imaxes, como o cinema puro.** O silencio pode dicir moito máis que as palabras e as miradas din definitivamente moito máis, porque as miradas non poden esconder o que senten. Iso quíxeno utilizar, tanto a mirada como os silencios, e que a paisaxe recóndita falase tamén. Así mesmo, pensei que nunha parella que leva vivindo tantos anos xuntos, como no caso da protagonista, tampouco se necesita falar moito, porque se di todo con pequenas accións ou xestos.

**Aí están eses maravillosos actores non profesionais: ese matrimonio ancián. Supoño que valoraches a súa naturalidade á hora de elixilos.** Creo que o proceso foi moi lindo e divertímonos. Eu compartínles o guión, aínda que hai directores que non o fan para así sacarlles a maior naturalidade posible, pero eu fíxeno e ensaiámolo.

***Utama* ás veces parece un western, tamén é unha historia de amor con subtexto ecolóxico... como lograches combinar tan harmonicamente estes aspectos?**

Traballei moito o guión a partir dunha escaleta, logo dividino en fichas e colgueinas nunha parede para lograr ese equilibrio: todo iso tñiao alí visualmente, e o guión foise dotando de capas de profundidade co tempo, madurando: isto xorde da colaboración do meu irmán Santiago Loayza, produtor, e do meu pai, Marcos Loayza, que foi un asesor de guión; e tamén o coprodutor uruguaio, Federico Moreira.

**Pero supoño que rodar nese espazo natural, coa súa meteoroloxía extrema, e con rabaños de chamas, non debeu ser fácil.** Obviamente o clima é hostil: filmamos na única estación posible, primavera, porque no inverno a temperatura pode chegar a menos dez graos rapidamente, hai tormentas de area e moito vento. Por iso estabamos vestidos como seres do deserto, aínda que as chamas son animais moi intelixentes: usamos tres grupos e son tan listas que á toma cinco ou seis sabían o que tiñan que facer. Obviamente sempre é difícil filmar con animais, pero as chamas son tan fotoxénicas...